

**INSTRUCCIÓN 5/2009 DA SECRETARÍA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE MATRÍCULA DE ALUMNOS DE INTERCAMBIO**

006840 18.11.2009 10:24

O incremento do alumnado de intercambio nas universidades como consecuencia da aplicación do EEES e dos convenios de intercambio, así como a nova estrutura de estudos universitarios derivados do Real Decreto 1393/2009, fan necesaria unha clarificación de algúns aspectos nos que se produce unha interrelación entre sistemas de acceso a titulacións oficiais e o fomento do intercambio e a mobilidade en programas nos que participa a USC.

Neste senso é preciso clarificar a posibilidade de matrícula dos alumnos e alumnas de intercambio en titulacións de distintos ciclos e a necesidade de cumprimento dos requisitos de acceso en programas de mobilidade nos que a USC pode acabar expedindo un título oficial.

Para estes efectos, esta Secretaría Xeral Resolve ditar a seguinte

**INSTRUCCIÓN**

**PRIMEIRO.- MATRÍCULA DO ALUMNADO DE ERASMUS MUNDUS**

As alumnas e alumnos que en virtude do programa Erasmus Mundus ou similares mediante os cales van a realizar os estudos completos na Universidade de Santiago e obter un título pola USC, deberán acreditar reunir os requisitos de acceso establecidos na USC.

**SEGUNDO.- MATRÍCULA DE ALUMNOS DE INTERCAMBIO**

Este alumnado poderá formalizar a súa matrícula sempre que teñan formalizado o compromiso de estudos e cumpra cos requisitos establecidos nas convocatorias e no Regulamento de Intercambios.

A estes alumnos de intercambio temporal en titulacións de Grao e Master non se lles aplicará o límite de prazas establecido nas correspondentes titulacións.

O alumnado de intercambio poderá formalizar matrícula en materias ou módulos de grao e master e incluso con combinación de ámbalas dúas titulacións.

No caso de master con límite de prazas, con carácter previo á aprobación do compromiso de estudos, o/a responsable de mobilidade ou o/a coordinador/a do intercambio deberán solicitar antes da sinatura do compromiso de estudos e por calquera medio que permita a súa constancia, un informe do coordinador/a do master sobre a dispoñibilidade para admitir alumnos e alumnas de intercambio.

No caso de matrícula na etapa de investigación dos estudos de doutoramento ou etapa de tese, esta non será compatible coa matrícula en materias ou módulos de títulos de grao e master.

**TERCEIRO.- REQUISITOS DA MATRÍCULA EN MASTER OU DOUTORAMENTO PARA ALUMNADO DE PROGRAMAS DE INTERCAMBIO OU MOBILIDADE NOS QUE A USC PODA EXPEDIRLLES O TÍTULO POLA USC**

Con independencia da aprobación dos acordos de intercambio que subscriba a USC, o alumnado estranxeiro que pretenda cursar estudos completos de master oficial, master propio ou doutoramento,

deberán acreditar estar en posesión de títulos que dean acceso aos estudos que se pretendan cursar ou ben solicitar a equivalencia do seu título como requisito para a validez da matrícula. A resolución favorable sobre a equivalencia determinará a plena validez da matrícula formalizada.

Para estes efectos, nos programas de intercambio nos que o alumnado vaia a desenvolver estudos que dean lugar a expedición dun título oficial, con carácter previo á admisión definitiva ou sinatura do compromiso de estudos deberá remitirse copia simple do expediente do alumno ou alumna ao Servizo de Xestión Académica para que emita informe sobre os estudos cursados, sen prexuízo que no momento de formalizar a matrícula cada alumno ou alumna poida acreditar fehacientemente o seu título ou solicitar a equivalencia do seu título coas formalidades establecidas.

#### CUARTA.- PAGO DA MATRÍCULA

Agás nos programas Erasmus ou Sicue, nos que o alumno aboa a matrícula na universidade de orixe, no resto dos casos por parte da ORE expediráselle unha credencial ao alumnado, que deberá presentar no momento de formalizar a matrícula, na que se indicará si está ou non exento do pagamento e a orixe da subvención.

No caso de actividades subvencionadas a ORE realizará de oficio cargos internos ou propondrá as transferencias de crédito necesarias, conforme as instrucións de servizo que acorde a Xerencia.

DSIPOSICIÓN ADICIONAL.- Os alumnos e alumnas que no curso 09/10 figure no seu compromiso de estudos materias de grao e master poderán formalizar a súa matrícula sen o informe ao que fai referencia o punto primeiro da presente resolución

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2009

A secretaria xeral



  
Isabel García-Rodeja Gayoso